



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|-----------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2021/22 |
| Asignatura (*) | Planificación estratéxica e cultura participativa | Código | 652512215 | |
| Titulación | Mestrado Universitario en Dirección, Xestión e Innovación de Institucións Escolares e Socioeducativa | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Mestrado Oficial | 2º cuatrimestre | Primeiro | Optativa | 4.5 |
| Idioma | Galego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Pedagogía e Didáctica | | | |
| Coordinación | | Correo electrónico | | |
| Profesorado | | Correo electrónico | | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Esta materia, integrada na especialidade de Institución Socioeducativas, aborda as claves da Planificación estratéxica e a Cultura Participativa como eixes fundamentais das Políticas Públicas no ámbito socioeducativo. A gobernanza das institucións socioeducativas require profesionais que coñezan os procesos de planificación (deseño, desenvolvemento e avaliación) e saiban determinar o seu carácter estratéxico introducindo en todos os elementos da planificación a participación da comunidade obxecto de atención. Pretende igualmente dar a coñecer Planes estratéxicos relevantes en diferentes ámbitos socioeducativos prestando especial interese ao seu compromiso coa igualdade, a normalización lingüística, a sustentabilidade e convivencia interxeracional, entre outros valores asociados á xustiza social e a convivencia. | | | |
| Plan de continxencia | 1. Modificacións nos contidos 2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen *Metodoloxías docentes que se modifican 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado 4. Modificacións na avaliación *Observacións de avaliación: 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A2 | Utilizar modelos colaborativos de acción socioeducativa que promovan verdadeiras comunidades de aprendizaxe, favorecendo o traballo en contornos multiprofesionais |
| A3 | Elaborar plans estratéxicos a nivel directivo e operativo para asegurar o incremento da calidade nas organizacións ou institucións educativas. |
| A7 | Ser capaz de establecer estratexias de liderado e empoderamento dos distintos axentes sociais que favorezan un clima institucional óptimo. |
| A8 | Redactar, presentar e defender proxectos de investigación e informes, memorias, regulamentos, así como outros documentos básicos que contribúan a organizar a acción escolar e/ou socioeducativa. |
| B1 | Capacidade de análise e síntese |
| B5 | Capacidade de mostrar actitudes coherentes coas concepcións éticas e deontolóxicas propias da profesión |



| | |
|-----|---|
| B7 | Capacidade para elaborar e defender un discurso ante diferentes audiencias |
| B12 | Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación. |
| B13 | Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo. |
| B14 | Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos. |
| B15 | Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades. |
| B16 | Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirixido ou autónomo. |
| C1 | Comunicar as conclusións -e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan- a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades |
| C2 | Aplicar os coñecementos adquiridos e a capacidade de resolución de problemas en entornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coas súas áreas de estudo. |
| C6 | Capacidade de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos, valorando criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información disponible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse. |

Resultados da aprendizaxe

| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
|---|-------------------------------------|-------------------------------------|-------------------|
| Dominar metodoloxías participativas de análise da realidade, planificación e avaliación | AP2 AP3 AP7 AP8 | BM1 BM13 BM15 BM16 | CM2 CM6 |
| Saber definir e desenvolver propostas participativas axeitadas a diferentes contextos de acción | AP2 AP3 AP7 AP8 | BM5 BM7 BM13 BM14 BM15 | CM1 CM2 CM6 |
| Elaborar a documentación pertinente derivada do proceso de planificación: plans de acción, proxectos, informes, memorias... | AP3 AP8 | BM1 BM12 BM13 BM14 BM16 | CM2 CM6 |
| Demostrar habilidades no manexo de procesos participativos a través de técnicas concretas | AP2 AP7 | BM5 | CM6 |

Contidos

| Temas | Subtemas |
|--|--|
| 1. Planificación estratéxica e cultura participativa | 1.1. Cidadanía e políticas públicas 1.2. Participación cidadá e desenvolvemento comunitario 1.3. Planificación estratéxica: dimensión conceptual e eixes de desenvolvemento. |



| | |
|--------------------------------|---|
| 2. Metodoloxías participativas | 2.1. Análise da realidade 2.2. Formulación e avaliación do plan estratéxico 2.3. Modalidades de planificación: plan de caso, marco lóxico, axenda 21, orzamentos participativos |
|--------------------------------|---|

| Planificación | | | | |
|---------------------------------------|------------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Análise de fontes documentais | A2 A3 A8 B1 B7 B13 | 0 | 25 | 25 |
| Discusión dirixida | A2 A3 A7 B1 B5 B14 C6 | 10 | 5 | 15 |
| Estudo de casos | A2 A3 B1 B12 B13 C2 | 5 | 5 | 10 |
| Traballos tutelados | A2 A3 A7 A8 B12 B13 C1 C6 | 5 | 34 | 39 |
| Aprendizaxe colaborativa | A2 A7 B5 B14 B16 C6 | 5 | 5 | 10 |
| Eventos científicos e/ou divulgativos | B12 B13 B16 C2 C6 | 5 | 0 | 5 |
| Presentación oral | A8 B5 B7 B12 B15 C1 C6 | 1.5 | 5 | 6.5 |
| Atención personalizada | | 2 | 0 | 2 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|---------------------------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Análise de fontes documentais | Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico. |
| Discusión dirixida | Participación na aula en base a lecturas previas de carácter obrigatorio, a través das que recoller diferentes argumentacións sobre unha temática, favorecendo o debate e contraste de opinións fundamentadas, coa finalidade de que o alumnado constrúa unha visión crítica das diferentes formas de interpretar a realidade socioeducativa. |
| Estudo de casos | Consiste na procura e/ou achegamento dunha serie de casos ou experiencias socioeducativas para o seu estudo, análise e discusión á luz dos referentes teóricos da materia. |
| Traballos tutelados | Técnica de traballo que ten como finalidade o estudo intensivo dun tema ou dun caso. Caracterízase pola discusión, a participación, a elaboración de documentos e as conclusións ás que teñen que chegar todas as persoas participantes no seminario. |
| Aprendizaxe colaborativa | Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo |
| Eventos científicos e/ou divulgativos | Actividades realizadas polo alumnado que implican a asistencia e/ou participación en eventos científicos e/ou divulgativos (congresos, xornadas, simposios, cursos, seminarios, conferencias, exposicións, etc.) co obxectivo de profundar no coñecemento de temas de estudo relacionados coa materia. Estas actividades proporcionan ao alumnado coñecementos e experiencias actuais que incorporan as últimas novidades referentes a un determinado ámbito de estudo. |
| Presentación oral | Exposicións de tarefas realizadas diante do grupo de referencia, procurando tirar algunhas conclusións sobre o problema de investigación, documento ou experiencia abordada. |



Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|--|---|
| Presentación oral Traballos tutelados Aprendizaxe colaborativa | Atención particular para a elaboración e seguimento de prácticas, traballos tutelados, e presentacións orais asociadas. |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|--------------------------|------------------------------|--|---------------|
| Presentación oral | A8 B5 B7 B12 B15 C1 C6 | Exposicións de tarefas reaizadas , diante do grupo de referencia, procurando tirar algunhas conclusións sobre o problema de investigación, documento ou experiencia abordada. | 10 |
| Discusión dirixida | A2 A3 A7 B1 B5 B14 C6 | Participación na aula en base a lecturas previas de carácter obrigatorio, a través das que recoller diferentes argumentacións sobre unha temática, favorecendo o debate e contraste de opinións fundamentadas, coa finalidade de que o alumnado constrúa unha visión crítica das diferentes formas de interpretar a realidade socioeducativa. | 10 |
| Traballos tutelados | A2 A3 A7 A8 B12 B13 C1 C6 | Técnica de traballo que ten como finalidade o estudo intensivo dun tema. Caracterízase polo estudo, a discusión, e a elaboración dun documento sobre un tema central da materia. Esixe un traballo previo individual e autónomo sobre os documentos, así como a asistencia e participación na aula, formulando preguntas, explorando contradicións, achegando argumentos... co obxectivo de favorecer a reflexión crítica e a comprensión. Valorarase o grao de participación, a calidade das achegas, a capacidade de crítica e reflexión. | 70 |
| Aprendizaxe colaborativa | A2 A7 B5 B14 B16 C6 | Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo | 10 |

Observacións avaliación

| |
|--|
| |
|--|

Fontes de información

| |
|--|
| |
|--|



| | |
|------------------------------------|--|
| Bibliografía básica | <p>AA.VV. (1992). Guía metodológica de apoyo a proyectos y acciones para el desarrollo . Madrid: IEPALAAA.VV. (2010). La Democracia en Acción: Una visión desde las metodologías participativas. Madrid: AntígonaANDER- EGG, Ezequiel (2007). Introducción a la planificación estratégica. Buenos Aires: Lumen BLANCO, Ismael e GOMÁ, Ricard (coords) (2002). Gobiernos locales y redes participativas. Barcelona: Ariel CABALLO VILLAR, MB e FRAGUELA VALE, R (coords) (2007). A investigación-acción participativa no quefacer municipal . A Coruña: Deputación Provincial CAMPO, Alejandro (2012). Herramientas para directivos escolares II. Madrid: Wolters KluwerCOLINO, César e DEL PINO, Eloisa (2003). ?Un fantasma recorre Europa: Renovación democrática mediante iniciativas de promoción participativa en los gobiernos locales?. Ponencia presentada a las II Jornadas del Comité de Investigación en Soci. http://www.fes-web.org/sociopolitica/paginas/2jornadas.htmDE LA RIVA, Fernando (2003). Metodologías de análisis de la realidad global y local. Plataforma para la Promoción del Voluntariado en EspañaFONT, Nuria; SUBIRATS, Joan (2000). Local y sostenible la Agenda 21 Local en España . Barcelona: IcariaGANUZA, Ernesto e ÁLVAREZ, Carlos (coord.) (2003). Democracia y presupuestos participativos. Barcelona: IcariaGÓMEZ GALÁN, Manuel (2003). Orientaciones para la aplicación del enfoque del marco lógico: errores frecuentes y sugerencias para evitarlos. Madrid: CIDEALICLEI (). Guía europea para la planificación de las Agendas 21 Locales. Bilbao: BakezMARCHIONI, Marco (2006). ?Democracia participativa y de la crisis política. La experiencia de los planes comunitarios?. Cuadernos de Trabajo Social, 19, 213-224. MARTÍNEZ LÓPEZ, Miguel (2007). Complejidad y participación: la senda de la invención estratégica. Política y Sociedad, Vol. 44. MÚJICA, Marta; GÓMEZ-LIMÓM, Javier (2002). Plan de acción para los espacios naturales protegidos del Estado Español. Madrid: EuroparcPEREZ RÚA, M; CABALLO VILLAR,MB e MONTERO SOUTO (coords) (2006). Asociacionismo e participación cidadá: análise e propostas. A Coruña: Deputación Provincial POSE,H e FRAGUELA, R (coords) (2006). Planificación estratéxico en cultura . A Coruña: Deputación Provincial VILLASANTE, Tomás; MONTAÑÉS Manuel e MARTÍN, Pedro (coord.) (2001). Prácticas locales de creatividad social. Construyendo ciudadanía/2.. Barcelona: El Viejo TopoVILLASANTES, Tomás e GARRIDO Fco. Javier (coords.) (2002). Metodologías y presupuestos participativos. Madrid: IEPALA, CIMASVILLASANTE, Tomás (2013). ¿Hay ingeniería social en los movimientos y en los procesos sociales? http://www.redcimas.org/biblioteca/teoria-y-epistemologia/WEISSMANN, Hilda; LLABRÉS, Antonia (2001). Guia para hacer la Agenda 21 Escolar. Bilbao: Ministerio de Medio AmbienteRevistas: Educación Social. Revista de Intervención Socioeducativa.Documentación Social.Pedagogía Social. Revista Interuniversitaria.Revista Galega de Educación.Revista de CC. Sociales.&nbsp;AmbientalMENTE sustentable.Revista Enlace.El Viejo Topo&nbsp;Revista EncrucijadasEducational Gerontology Journal.</p> |
| Bibliografía complementaria | <p>CAMACHO, Hugo (2001). El enfoque del marco lógico 10 casos prácticos : cuaderno para la identificación y diseño de proyectos de desarrollo. Madrid: CIDEALRAMÍREZ, Alfredo (2010). Democracia participativa: la democracia participativa como profundización en la democracia . Valencia: Tirant lo Blanch</p> |

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías